



**Este venres, 14 de marzo, Amoebo
presenta o seu novo álbum, *Escándalo no escuro*,
en directo na Sala Garufa Club**

**A partir das 22.00h, Amoebo promete un concerto de alta voltaxe
e moito baile para presentar na Coruña os temas do seu segundo traballo
discográfico, que viu a luz o pasado 7 de marzo**

**A banda estará arroupada por una boa selección de artistas emerxentes galegos,
que darán renda solta aos sons máis divertidos para non deixar de bailar:
da música urbana de hydn ao pop denso, fresco e urxente de Capital Voskov;
do funk e a retroelectrónica de French Riviera ao pop urbano e sen tapuxos
de Filloas e o enérxico e intenso indie en galego de Mayra, de Leria**

**As últimas entradas para o concerto están dispoñibles a través de Entradium:
<https://entradium.com/events/amoebopresentacion-escandalo-no-escuro-sala-garufa>**

***Escándalo no escuro* é un dobre álbum con 14 cancións nas que Amoebo explora
os ritmos máis urbanos, mesturados co pop dos 2000, dando paso, tamén, aos sons
máis rockeiros, a golpe de provocación, escuridade, sexo, paixón, ansia, medo e dor**

A Coruña, 13 de marzo de 2025.- Amoebo, unha das propostas máis deshinibidas da
escena emerxente galega do momento, presentará ao vivo o seu próximo traballo
discográfico na Sala Garufa Club da Coruña este venres 14 de marzo. Esta será a posta de
largo de *Escándalo no escuro*, un dobre LP que viu a luz o pasado 7 de marzo. No concerto,
Amoebo estará arroupado por una boa selección de artistas emerxentes galegos, que
darán renda solta aos sons máis divertidos e bailables.

French Riviera encherá a Garufa cunha divertida viaxe ao anos 80 a golpe de funk e
retroelectrónica, para dar paso á fantasía, o fogo e a escuridade da música urbana de hydn
e o seu dark pop electrónico con influencias de rnb e outros sons. Pola súa banda, a
potencia vocal de Alfonso, de Capital Voskov, chegará para dar boa mostra do seu pop
denso, con coidadas texturas do indie e a urxencia do pop. Tampouco faltarán á cita o
divertido pop urbano de Filloas e o enérxico e intenso indie en galego de Mayra, de Leria.



Así, o venres 14 de marzo, a partir das 22.00h na Sala Garufa, Amoebo promete un directo de alta voltaxe e moito baile para presentar este ambicioso dobre álbum, con 14 novas cancións que chegarán a golpe de provocación, escuridade, sexo, paixón, ansia, medo ou dor. En *Escándalo no escuro*, Amoebo explora os ritmos máis urbanos, mesturados co pop dos 2000, dando paso, tamén, aos sons máis rockeiros.

As últimas entradas para o directo están xa dispoñibles a través da plataforma Entradium: <https://entradium.com/events/amoebo-presentacion-escandalo-no-escuro-sala-garufa>

AMOEBO, UNHA BANDA EMERXENTE SEN TAPUXOS

Amoebo estableceuse como unha das propostas máis destacadas da escena musical emerxente galega. Co seu primeiro LP *Cada vez mellor*, producido por David Fernández, o artista consolidou un son que combina pop-funk e electrónica con influencias urbanas. A súa música, cargada de ironía e desinhibición, aborda temas de amor non romántico, liberdade de expresión e celebración da vida.

O verán de 2024 veu cargado de traballo para Amoebo, quen presentou o seu show en escenarios galegos de referencia como O Son do Camiño, o Atlantic Pride, o Festival de la Luz, o Atardecer no Gaiás ou o Surfing the Lérez. Tamén apareceu en recoñecidos estudos de televisión, como o mítico *Luar*, da TVG; o primeiro programa drag en galego, *Raíña-me*, da plataforma dixital *A Galega*; ou no *Especial Fin de Ano* da TVG, onde compartiu cun público entregado o seu sinxelo SQ.

Amoebo foi unha das bandas seleccionadas para formar parte da aceleradora musical Son Emerxente de Fundación Paideia. Nela traballou con profesionais da industria galega como Patricia Hermida, Juan de Dios, Xaime Miranda, NONONON Lab ou The Office Comunicación. Esta aprendizaxe sobre o sector axudou a levar o proxecto ao seguinte nivel, para lazar o seu ambicioso novo álbum, *Escándalo no escuro*, en marzo de 2025.

CONTACTO DE PRENSA

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira

Tel. 620 113 155

luisa@theofficeco.es

KIT DE PRENSA AMOEBO

<https://cutt.ly/amoebo>